

## **Informe PAT 2023-2024**

### **M.U. en Valoración, xestión e protección do patrimonio cultural**

Ao longo do curso 2023/2024 realizouse unha única titoria grupal, celebrada o 26 de xuño de 2024 na aula remota 335310467 do Mestrado ás 11:00 horas e a ela asistiron dous estudantes.

O alumnado asistente comenta a súa satisfacción coa docencia e aprendizaxe das materias do máster, pese á dificultade inicial nalgunhas delas e o grande volume de traballo ao que deberon facer frente.


Valoran moi positivamente a gravación das clases teóricas que lles permitiron non asistir a elas no momento da impartición, solventando os problemas de horarios.

Destacan a boa relación co profesorado pero botan en falta un contacto máis persoal que non se produce ao ser o mestrado impartido de xeito virtual.

E por último valoran positivamente o nivel da docencia e a aprendizaxe adquirida.

Ourense, 25 de novembro de 2024.

O responsable do Plan de Acción Titorial:



Francisco Javier Pérez Rodríguez.